

RESOLUCIÓN REITORAL DO 5 DE SETEMBRO DE 2012, DE ESCOLAS DEPORTIVAS CONSIDERADAS PARA O RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS NO CURSO 2012-13

Segundo o ANEXO I da Resolución Reitoral do 2/4/2012, *O Servizo de Deportes da USC determinará anualmente, polas características particulares das escolas, cales destas serán consideradas para o recoñecemento de créditos e remitirase con tempo para a súa aprobación por Resolución Reitoral.*

Vista a proposta do Servizo de Deportes, esta Reitoría resolve:

PRIMEIRO.- ESCOLAS DEPORTIVAS

As escolas deportivas consideradas para o recoñecemento de créditos no curso 2012-13 son as que figuran no seguinte cadro:

	ACTIVIDADES	CRÉDITOS CONCEDIDOS
01	ACONDICIONAMENTO FÍSICO	1
02	ACT.AERÓBICAS	1
03	ATLETISMO	1
04	BAILES DE SALÓN E LATINOS	1
05	DANZA ORIENTAL	1
06	ESGRIMA	1
07	INICIACIÓN Á DANZA	1
08	IOGA	1
09	JUDO	1
10	KARATE	1
11	KUNG-FU	1
12	MANTEM.+AEROBIC+STEP	1
13	MELLORA DA CONDICIÓ FÍSICA	1
14	NATACIÓ E ACTIVIDADES ACUÁTICAS	1
16	NATUREZA	1
17	PILATES	1
18	SQUASH	1
19	TAEKWONDO	1
20	TAI CHI	1
21	TENIS	1
22	TIRO CO ARCO	1
23	XIMNASIA DE MANTEMENTO	1
24	XADREZ	1
25	XIMNASIA TERAPÉUTICA	1

O Servizo de Deportes concretará, na publicación da programación deportiva para o curso 2012-13, cales destas escolas se ofertarán en cada campus e indicará na convocatoria de cada

actividade o número de prazas, o prazo de inscrición e a posibilidade de recoñecemento de créditos.

SEGUNDO.- REQUISITOS

As/os estudantes da USC para a obtención de créditos ECTS por participación no programa de ESCOLAS DEPORTIVAS DA USC, ao abeiro da Resolución Reitoral 02/04/12, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar matriculadas/os durante o curso académico nalguna das escolas levadas a cabo polo Servizo de Deportes incluídas nesta resolución.
 - A inscrición nas actividades para ter dereito aos créditos deberase facer na modalidade de curso completo, agás en “natureza” que será necesario facer un mínimo de 6 rutas (de un día) ou 10 roteiros (polas tardes).
- Cubrir os datos de solicitude dos créditos ao inicio da actividade (anexo 1). Non se admitirán solicitudes unha vez pasados 20 días naturais do seu inicio.
- Ter unha asistencia mínima do 75 % das horas impartidas da actividade deportiva pola que se solicitan os créditos.

Unha vez comprobada a asistencia e evolución positiva nas actividades nas que se leve a cabo un proceso formativo e/ou de mellora física, ou a participación activa nas demais, a Dirección do Servizo de Deportes asinará a proposta de recoñecemento do dereito aos créditos solicitados (anexo 2).

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2012



O reitor


Juan J. Casares Long

ANEXO 1

SOLICITUDE INCORPORACIÓN AO PROGRAMA DE CRÉDITOS POR PARTICIPACIÓN EN ESCOLAS DEPORTIVAS

(Resolución Reitoral 02/04/12)

Datos do alumno:

Nome:		Apelidos:	
DNI:		Nacionalidade:	
Dirección:			
CP:	Localidade:		Provincia:
Facultade / Escola:			
Correo – e:			Tfnos:

Actividade/s deportiva/s levada/s a cabo polo Servizo de Deportes da USC na/s que está matriculada/o: _____

Duración da/s actividade/s: _____

Créditos que se solicitan: _____

Data: _____

Sinatura

Data de entrega no Servizo de Deportes: _____ Selo

ANEXO 2

_____, con DNI: _____, en calidade de Director/a do Servizo de Deportes da USC, fai constar que a/o alumna/o:

_____, con DNI: _____, matriculada/o na actividade deportiva: _____, cumpre os requerimentos esixidos para o recoñecemento de créditos ECTS por realización de actividades deportivas na USC, ao abeiro da Resolución Reitoral 02/04/12, que lle da dereito ao recoñecemento de 1 crédito, polo que asino esta proposta aos efectos oportunos.

En _____, a ___ de _____ de 20__

Asinado: